


TEMOS CARTA DE DEUS



Xosé Antón Miguélez Díaz

colección
ANGUEIRA II ÉPOCA

NOTA PREVIA: TRES MANEIRAS POSIBLES DE LER ESTE LIBRO

Este libro de Xosé Antón Miguélez foi editado por Irimia no ano 1994 dentro da colección Meaux de folletos de identidade galega e cristiá *Angueira*. Posteriormente saíu ampliado e traducido ó castelán e ó catalán dentro colección Emaús do Centre de Pastoral Litúrgica. Agora volve saír do prelo, editado de novo por Irimia, cunha dobre intención. A primeira, volver reeditalo en galego cunha versión algo máis extensa logo de levar xa unha chea de anos esgotado, recuperando, deste xeito, unha pequena alfaia de prosa poética para poder orar e meditar. A segunda, facer chegar a moita máis xente esta riquísima e xeitosa carta e invitación persoal de Deus Nai-Pai a descubrir o seu tesouro na compañía dela-del e de Xesús a través do itinerario da fe, do amor e da esperanza. Un itinerario desde cada muller ou home e que tan só require gañas de confiar e deixarse traballar polo Pai que acolle a cada persoa nos seus brazos de tenrura, respecto, entrega e emoción.

O libro ten varias posibilidades de lectura. A primeira é a máis sinxela e consiste en ler só a carta, sen ter en conta as moitas notas que hai nela, nin os textos da Escritura que encabezan cada apartado. Toda dunha vez, a “carta de Deus”